

# A REVISTA

## do Otero Pedrayo

NÚMERO 4 - XUÑO do 2002 - 0'50 €

Miryam Gallego,  
protagonista da  
serie *Periodistas*,  
lembrou vellos  
tempos no Otero




Démoslles un repaso ós cantantes de  
O.T.



Diego Armando  
Maradona, todo un  
mito ... ¿ou non?



O I.E.S. Otero Pedrayo de Ourense  
mantén unha edición do século XVI do  
*De Revolutionibus*, de Nicolás Copérnico



Crítica de cine, deportes, pasatempos, ...

Sumario no revés da revista

## Editorial

### Remata o curso

¡Ola colegas!

Outra vez fóra de tempo... xa case que rematamos o curso e non fomos quen de sacar adiante os tres números que acordamos. Perdoádenos.


Por isto e por máis motivos queremos adicar este número á xente que deixa de pertencer ó Otero, ben porque se vai a outros centros ou ben porque rematou a súa estada aquí e ten que retirarse a diferentes universidades. Eso si, primeiro teredes que pasar a selectividade, moita sorte e non esquezades que soamente é unha proba máis, si, unha proba na que te xogas o teu futuro, pero soamente unha proba. Un abrazo moi forte de nós para que non vos esquezades dos anos que compartistes con toda a peña do Otero.

Por outra parte queremos recordaros que seguimos a voltas coa L.O.U. xa que os responsables dos centros galegos mo chegaron a ningún acordo. Polo tanto as nosas loitas continúan aínda que aprazadas polos exames finais.

Non quero rematar este preliminar sen agradecer unha vez mais á Dirección do centro o seu apoio á nosa publicación e ó Concello de Ourense pola súa contribución económica.

**DEICA O CURSO QUE VEN, PASADE UNHAS MOI BOAS VACACIÓNS E APROVEITÁDEAS, QUE DURAN POUCO.**

*Pili Gómez, xefa de redacción.*



O equipo de redacción a pleno rendemento

## Miryam Gallego en el Otero

Entre os corredores vese a Begoña acompañada dunha moza que nos lembra a alguén. Cobadazos e algún que outro asubío entre os alumnos; é normal, xa que non tódolos días témo-la fortuna de compartir lecer con Miryam Gallego.

Así foi como naceu esta nova sección da revista na que falaremos con personaxes famosas que estudaron neste centro. Se tendes algunha idea ou se queredes preguntarlle algo ós nosos próximos convidados, só tendes que falar coa directora ou deixar algunha nota no buzón. Gracias e esperamos que vos guste a nosa primeira entrevista.

Son as catro da tarde e xa vemos chegar a Begoña acompañada de Miryam e outra rapaza. Tralas presentacións sabemos que se chama María e que é a súa mellor amiga. Ambas estudaron xuntas no centro.

Mentres percorremos os corredores elas curiosean polas aulas xa baleiras, sinalan as aulas onde fai case nove anos eran alumnas dos nosos mestres.

Semella que está cómoda entre nós e comeza a preguntarnos sobre cotilleos do centro, interésase polos nosos mestres e remata dicindo:

- Non teñades medo, eu son unha persoa. Veña, preguntade o que se vos pase pola mente, cotilleos, ...

[Rimos, parece que se nos nota moito que é a nosa primeira entrevista]

**P. ¿Cómo queres a entrevista, en galego ou en castelán?**

R. Pois como queredes vós, respostarei en castelán xa que o galego o teño esquecido.

**P. Antes de falar da túa profesión, unha pregunta case**



Miryam Gallego coas nosas colaboradoras trala entrevista

**obrigada. ¿Cales son os teus recordos do instituto?**

R. Pois teño algúns mellores que outros. Pero, sobre todo, lémbrome moito de Begoña, ela dábame Teatro e así foi como fun alimentándome, aportoume moito; quizás é a persoa que máis influíu sobre min nesa idade respecto ó teatro. Tamén teño recordos de Elba, aínda que suspendía Inglés, que non era o meu forte. E dunha rapaza ... Ana, creo que nos explicaba Matemáticas. E, como non, Emilio Graña. O peor de todo foi COU, era abafante, non aprendín. Pero sen dúbida, o que máis me gustaba eran os festivais de Nadal, e o de fin de curso.

**P. ¿Conservas moitos amigos da túa época**

**de instituto?**

R. Algúns, pero cada un foi cara un lugar a estudar e perdemos a pista. Con María é diferente, xa que estamos en contacto a miúdo; sempre que veño estamos xuntas, para min é coma unha irmá.

**P. ¿Cando e onde nace a túa vocación de actriz?**

R. Non me lembro ben, pero é curioso xa que de pequena quería ser misioneira. Quizás o coñecer a Begoña e ir a Teatro abriume os ollos.

**P. ¿É duro traballar na televisión?**

R. É máis duro chegar, xa que hai moita competencia. Hai certo intrusismo profesional. Hai xente moi preparada. Eu estiven durante catro anos estudiando dez horas diarias para estar onde estou.

**P. ¿Que opinas das**

**novas series que hai hoxe en día?**

R. En canto a nivel vamos a peor. Non sei o que entende a xente por arte. Hoxe en día accedes a mil cousas, hai bastante pouca calidade, e a estes rapaces o "boom" das series estalles a facer dano.

**P. ¿Tes moita relación co equipo?**

R. Ó principio tiña pánico; eu viña de Arte Dramático e esto é televisión, pero non tiven ningún problema. É un equipo moi lindo, traballamos de doce a catorce horas diarias no "plató" de luns a venres. Como mínimo gravamos unha escena por día; é un moi bo equipo e os técnicos son unha marabilla.

**P. Os rumores dicían que Coronado e ti vivistes un romance, ¿é certo?**

R. [Risas ...] Non, non é certo. Tanto con Coronado como co resto do equipo teño moi boa relación, somos tamén amigos e traballamos desde a verdade, pero nada máis.

**P. ¿Gardas parecido con Claudia?**

R. Ó principio si, pero agora non; o meu traballo é interpretar. Claudia ten máis malo leite e eu só teño carácter, as nosas posturas son totalmente contrarias en temas como eutanasia ...

**P. ¿Tes relacións cos guionistas?**

R. Si, moita. Ás veces reunímonos e incluso damos ideas sobre algúns temas: adopción, relixión, ..., se nos interesa algo, eles o inclúen ..., nese campo son xeniais. Lémbrome ó comezo que me botaban a bronca por non pór nada propio. Eu chapaba o guión, pero agora Claudia fala como Miryam, ten as súas muletiñas, improviso máis, se esquezo algo non pasa nada. Estou máis adaptada.

**P. ¿Tes algunha manía como actriz?**

R. Non, como actriz ningunha. Só esixo respecto para rodar algunha escena e silencio, pero nada máis. Como persoa teño algunhas: son moi ordenada e amante da limpeza.

**P. ¿Cales son os teus soños?**



Co busto de Otero Pedrayo

R. Papeis de luxo, de mulleres con peso e dramas ou unha comedia, xa que creces moitísimo. Gustaríame moito un Lorca [refírese no teatro].

**P. ¿Eres coñecida pola túa?**

R. Si, demasiado. Pero son cousas da profesión. A min gustaríame desconectar pero non se pode, e menos en Madrid, onde a xente non ten pudor ningún, é abafante. O que me molesta é que a xente me sinale, eu preferiría que me dixeran que lles gusta o meu traballo, ou que saio mellor na tele, ou que pensen, pero que me sinalen me parece mal. Gustaríame que a xente me admirase como profesional.

**P. ¿Gústache máis vivir en Galicia ou fóra?**

R. Como en casa non hai nada. Pero o traballo está fóra. Veño cando podo e sobre todo para desconectar. Vou á finca dos meus pais e escapo cos meus cans, esquézome de Madrid, dese horrendo tipo de vida que levo desde hai oito anos. Agora o levo mellor, pero ese frenetismo mántame [Risas ...]

**P. ¿Cales son os teus plans para o futuro?**

R. Quero ser nai. Non, non me miredes así, que non estou embarazada [Risas ...]

**P. ¿E plans de traballo?**

R. Pois a serie abúrrime un pouco e pónome retos como actriz, pero agora tras nove tempadas de Crónica ... non sei se me renovarán ou non, sabereino o 14 de xuño. Estou cómoda fronte a cámara, pero teño mono de teatro

e ando cunhas películas, e tras 4 meses de "casting" o día 1 de xuño dirán se vou ou non, mais de momento non digo nada xa que logo me gañades.

**P. Adiántanos algo da serie**

R. O ex-fotógrafo interpretado por Unax Ugalde marcha do Crónica, pero é moi posible que no último capítulo volva a verse. Estou tramitando cos guionistas para conseguir un remate romántico esta tempada, gustaríame rodar en París con Unax.



Miryam con Iria, unha admiradora



A  
ficha

Miryam Gallego é Licenciada pola Real Escuela Superior de Arte Dramático (RESAD) de Madrid. Realizou un total de once cursos e talleres para amplia-la súa formación; entre eles cabe destaca-lo taller de Teatro Contemporáneo con Carla Matteini, o curso de Xogo Mímico con Luca Aprea, o taller de Voz e Técnicas de Respiración con Thomas Clements, e o de Escenografía con Juan Manuel Sánchez. Miryam participou en telecomedias como *Pratos Combinados* (TVG), dirixida por Carlos Serrano, e series como *Policías en el corazón de la calle* (Antena 3) e *El Comisario* (Telecinco).

En 1995 interpreta a súa primeira obra coa Compañía de Teatro Sarabela, *A Esmorga*, dirixida por Ánxeles Cuña. Con esta peza estivo dous anos encima das táboas. En 1997 participa en *Robert Zucco*, dirixida por Jesús Salgado. No ano 1998 forma parte da Compañía Teatro del Duende coa que interpreta a obra *Santa Cruz*. Nese mesmo ano participa na coñecida peza *Bodas de Sangre*, dirixida por Juan Pastor. O último ano da década dos noventa intervéñe na *Lectura Dramatizada*, baixo as ordes de Raquel Toledo, da obra *El Motel de los Destinos Cruzados*. O seu último traballo en teatro foi *Combate de negro y de perros*, dirixida por Marta Riganti.

## Crítica de cine, *por Víctor Domarco*

¡Mans arriba esto é un atraco!. Esto mesmo dixeron varios nomeados ós "Oscars" por non conseguiren o premio que ansiaban. Moitos eran favoritos pero non o conseguiron. Algunha sorpresa sempre acontece, pero o deste ano foi un cachondeo, mofáronse dalgunhas películas e de varios artistas. Cada vez que dicían o nome do gañador, a alguén púñaselle cara de estúpido (outros xa a teñen, pero claro eu son profesional e non vou dar nomes). Neste artigo vou analizar os premios máis importantes outorgados pola Academia



### Mellor película:

*"Unha mente maravillosa".*

A miña favorita ó triunfo desde o comezo. Reúne todos os requisitos para triunfar.

### Mellor director:

*Ron Howard*  
por *"Unha mente maravillosa"*.

Este premio é bastante discutible, para mín o mellor director é o meu colega Ridley Scott, que dirixía unha preciosa película bélica, "Black Hawk Derribado".



### Mellor actriz:

*Halle Berry*

por *"Monster's Ball"*. Se o premio llo deron por ter un corpo espléndido, eu enténdoo; pero se é pola súa actuación creo que é bastante inxusto. A esta xove beleza andante aínda lle queda moito por aprender. A seguinte película que veremos desta actriz será a próxima de 007. Non creo que aprenda moito de actuar aparecendo medio espida, pegando tiros e levando a James Bond á cama.

### Mellor actor:

*Denzel Washington*

por *"Día de adestramento"*. Este é o colmo dos colmos, aquí xa me tocaron as narices (por non dicir outra cousa). En primeiro lugar, a película é malísima, e en segundo lugar o actor ten feito papeis mellores que non recibiron nin o aprobado polos críticos.



Nesta edición non houbo presenza española, debido a que o xurado español decidiu que "Juana la loca" fora a película que intentara colarse nos nomeados á mellor película de fala non inglesa, pero os moi palurdos se deron conta que ós "ianquis" non lles interesan películas da historia de España.

**Novidades.** Agora que chega o verán, a xente ten máis tempo libre para ir ó cine. Estas son algunhas novidades que poderás atopar:




**"El rey Escorpión"**, mellores efectos, máis acción, máis aventuras, máis intriga ..., pero aínda así, ten moito que envexar ás dúas entregas anteriores da "Momia".

Cualif: \*\*



**"Blade II"**, volven os vampiros nunha secuela máis espectacular cá primeira, e coa aparición estelar de Santiago Segura.

Cualif: \*\*\*



**"Ali"**, Will Smith encarna a toda unha lenda. Esta película é moi boa, pero queda en evidencia ó lado doutras películas deste xénero.

Cualif: \*



**"Stars Wars. Episodio II: El ataque de los clones"**, sen dúbida unha das películas do ano e novo taquillazo de George Lucas. A película está caracterizada polos impresionantes efectos especiais e pola acción. Pero esta nova entrega da saga conta cun toque de amor que fará as ledicias dos millóns de fans.

Cualif: \*\*\*\*\*



**"Spiderman"**, Chega o home araña ó cine. Véxome na obriga de falar desta impresionante película. Poucos son os eloxios que poida recibir. Ó principio todo se lle puxo costa arriba ó director, xa que contaba cunha merda de presuposto, e con algún noxento actor do que non quero falar, e por riba, cando xa tiñan o final rodado en New York, escarallan as torres xemelgas e teñen que volver a rodar o final. Aínda así o director fixo unha das mellores películas da historia. En Estados Unidos xa arrasou, e en España ¿arrasará? Pola miña parte penso deixar cartos no cine vendo esta película ata que a aprenda, porque este diñeiro non está mal invertido.

Cualif: \*\*\*\*\* ¿\*?

Cualificación das películas:

Excelente: \*\*\*\*\*; Moi boa: \*\*\*\*;

Boa: \*\*\*; Regular: \*\*; Mala: \*

**"Inteligencia artificial"**: Conta cun fato de bos efectos especiais, e coa actuación do neno prodixio de Hollywood, Haley Joel Osment. Pero sinceramente, non sacia as miñas gañas de bo cine. Eso si, o DVD ven completoño.

Calif: \*\*

**Sección DVD**



**"Amelie"**: Película francesa que conta como unha rapaza encantadora decide facer a vida máis amena ós que lle rodea. Se non fora porque non é moi agraciada fisicamente, eu casaría con ela.

Calif: \*\*\*\*



**"Harry Potter"**: Despois de vela mil veces en formato DVD, chego á conclusión de que esta película é unha pasada. Ademais ven cargada de numerosos extras.


Calif: \*\*\*\*\*

**"Jurassic Park III"**: moi bo DVD, repleto de extras (non como as pelis que veñen no ABC, que son unha estafa, xa que non traen ningún extra). Anque xa me empezaba a fartar tanto dinosauro, ata se me meten na sopa. Calif: \*\*

Para rematar vou facer unha comparativa das grandes películas que loitaron por ser as mellores das pasadas navidades:

**Harry Potter e a pedra filosofal VS O señor dos aneis: A comunidade do anel**

Harry Potter conta cunha historia máis infantil, pero para todos os públicos, mentres que a outra película é unha historia máis complexa e difícil de entender. O señor dos aneis ten unha acción moi lenta e conta con mellores actores, sen embargo Harry Potter é máis emocionante, pero conta cunha banda de actores. O señor dos aneis é unha película mal adaptada, xa que as tres horas que dura non lle chegan para meter todo o libro, pero á súa vez conta con mellores efectos especiais. A balanza queda igualada á espera das segundas partes das respectivas películas, que saíran nas vindeiras navidades.



## Elite deportiva no Otero, *por Bea Sánchez*

Xa estamos aquí de novo, pero esta vez non vos vou falar das competicións deportivas no Otero, porque sempre o mesmo xa cansa un pouco. Así que, para variar, esta vez falaremos de pequenos grandes deportistas do Otero, xoves promesas que seguro que algún día chegarán a ser tan famosas como Gasol, Raúl, Meca, etc.



Para empezar, en 3º ESO B temos a Noelia Cacheiro Quintas, nada máis e nada menos que a capitana da Selección Galega de baloncesto da súa categoría. Ademais Noelia xoga tamén ó fútbol,

ping-pong, bádminton, voleibol, ... unha auténtica polifacética.



Nesa mesma clase temos tamén nada do r Marcos Vila Cid que, preparádevos,



é campión de Galicia en infantil de 200 metros estilos e 200 libres, e 3º de España na mesma competición. Ademais é o 3º en España do "ranking" de 200 estilos e 200 braza, case nada. O seu irmán, Diego, tamén é un excelente nadador.



Se seguimos en 3º ESO A temos a Sarabel Cao Gutiérrez, que xoga a bádminton nada mal: no campionato comarcal quedou 4ª en individual feminino cadete, dobres mixtos e dobres femininos; e no campionato provincial 3ª en individual feminino, 2ª en dobres femininos e 1ª en dobres mixtos. Tamén gañou a final de bádminton feminina do Otero, xogada contra Laura Álvarez Fernández, de 2º ESO A, outra grande competidora.




Imos agora a unha competición internacional; si, si, como o ledes. Temos en 1º LOXSE C a Rocío Salgado Álvarez, quen foi 4 anos consecutivos campiona de España en categoría



absoluta e mixta de WU-SHU. Tamén é subcampiona internacional en categoría absoluta. Rocío coméntanos que non a deixan ir ó campionato europeo por ser muller e que poñen a escusa de que "non hai presuposto".

O noso compañeiro Christian Rodríguez

Morgade, de 4º ESO C, gañou o torneo ourensán de cadete masculino e o torneo do instituto da mesma categoría de bádminton. Tamén en baloncesto 3x3 quedou no primeiro posto do instituto. Forma parte do equipo de fútbol do Pavillón de Ourense.



O seu irmán, Manolo, que vai en 1º LOXSE B, xoga na Selección Galega de fútbol sub-17, categoría xuvenil.



Ademais, o seu equipo do Pavillón quedou 3º na liga nacional e ascenderon á división de honra.

Xa sabedes, a coller boli e papel e a pedir autógrafos, que pode que dentro duns anos estes estudantes anónimos se convertan en grandes estrelas do deporte.

Moita sorte no futuro a estas rapazas e estes rapaces, e cando esteades alí arriba acordádevos de onde vides, dos vosos compañeiros e dunha menda.

## Diego, por Iván Gómez García

Diego, por favor píntame outra vez ese paraíso futbolístico que debuxaba a túa figura celestial sobre a alfombra verde que tanto querías. Diego, deléitame cos teus goles, derrete de novo o xeo da Antártida, fai que treman os zagueiros, imaxina esas xogadas maxistras, débúxame un gol coa zurda.

Diego, ríete da morte, que a ti o fútbol faite inmortal, faille un guiño á Bomboneira, esnaquiza outro porteiro, desfáite de nove ingleses e entra na historia de novo, bica o escudo da Arxentina, recorta cinturas con tesoiras de prata, inventa o fútbol de novo.

Pero se che podo pedir algo, rōgocho, que non che corte de novo as ás a droga para que poidas seguir voando, que non che aten de novo as cadeas da heroína, que chas deixen romper e volve a correr como sempre. Que non che meta medo a cocaína, rétaa a un partido de fútbol.

Diego, polo que máis queiras, xoga para sempre.

Diego Armando Maradona naceu o 30 de outubro de 1960 en Lanús (Bos Aires). Aínda non sabía camiñar e xa fabricaba pelotas de trapo para darlle patadas ata que romperan os fíos. A súa paixón por este deporte era tan grande que adestraba dez horas ó día, e así conseguiu debutar en primeira división con tan só 16 anos nun club chamado Argentinos Juniors.

No ano 1980 Boca chama a súa porta. Era a súa gran oportunidade e non a deixou escapar. Con 22 anos Maradona era xa unha grandísima estrela dentro do fútbol arxentino e animouse a cruza-lo charco. O primeiro equipo no que recala é no Barcelona, no que consegue tódolos títulos posibles a nivel nacional.

Despois de recalar no club catalán Maradona firma un contrato co equipo italiano do Nápoles, cando foi chamado por outro gran adestrador como é Bilardo para disputar o Mundial de 1986 celebrado en México. Neste Mundial Maradona fixo simplemente o fútbol máis fermoso que se ten visto na historia da humanidade. A cada partido Maradona brillaba máis e, cando o público xa non podía esperar máis del, chegou o partido de cuartos de final. Inglaterra mediría o fútbol de Diego e os seus colegas nun



partido que a posteriori quedou gravado nas mentes de tódalas persoas do mundo.

O "pibe de oro" debía liderar a unha selección que case non se tiña en pé e que non podía marchar para a casa sen nada. O partido comezou e Maradona fixo un fútbol maxistral, movéndose polo campo sen ter que adaptarse a posicións determinadas como os demais xogadores, xogando a pracer, correndo como o vento e, por suposto, disfrutando do espectáculo. Nunha destas, na que andaba polo centro do campo en busca dalgún balón para divertirse un pouco, Maradona colleu o esférico, fixo unhas fintas e recortou cara un lado, acelerou ata

o infinito deixando atrás a varios zagueiros, cambiou a pelota de perna varias veces, driblou sen paixón a tres ou catro ingleses que defendían os últimos 25 metros do seu campo, entrou na área, tiroulle unha cola de vaca ó porteiro e marcou gol.

A xente non podía reaccionar, o estadio estaba morto, e o comentarista que relataba as idas e voltas de Diego dixo despois do gol: "Quero morrer". Os ingleses que Maradona deixara no chan non sabían se erguerse ou pedirlle á terra que os tragase, e o porteiro Shilton pediu cambio para ir a cambiar a cintura que Maradona lle acababa de romper.

O público que alí presenciou o Gol non sabían que acababan de asistir á elaboración da obra mestra do fútbol, o máis grande agasallo que se lle pode dar a un espectador, un precioso detalle que cambiaría a vida de moitas persoas.

Pero o espectáculo non parou nesa xogada, senón que continuou como continúan os museos, con moita máis arte a cada paso que avanzas polos seus corredores. Maradona traspasou as fronteiras do fútbol con ese gol, pero co que marcou despois demostrou que era o rei do fútbol. Marcou un gol coa man e o árbitro concedeu como dando a entender: a el déixollo facer. Un centro, ó que Maradona



cos seus 169 centímetros non podía chegar, fíxolle nun acto de xenio simular que lle daba coa cabeza pero o que pasou en realidade foi que Maradona meteu a man esquerda antes de que Shilton recollera o balón e converteu un centro ó que ninguén podería chegar no paso a semifinais; nacera a man de Deus. Maradona e Deus gañaron ese mundial proclamando a este arxentino como o mellor futbolista daquela festa do fútbol e moi posiblemente de toda a historia do fútbol.

Pero, ó voltar a Italia, Maradona coñeceu a unha branca muller que sempre o tiña a raia. En 1991 foi apartado do Nápoles e de competicións internacionais por 15 meses. Dende ese tráxico día a historia do fútbol cambiou. Esa branca señora era máis forte que Diego e a pesar de amar ó fútbol como nada na vida Maradona xa non deixaría esta adicción ata o final da súa carreira.

Co seu prestixio polo chan Maradona ingresou no club andaluz do Sevilla, para unha tempada despois partir para a súa casa onde todo o mundo o seguía querendo despois de todo o que pasara. Xogou en Newell's Old Boys, onde en 1994 e contra todo prognóstico foi convocado para xogar coa súa selección o Mundial de USA.

Moitos dos alí presentes non perdoaban o erro de Diego e xa o crucificaran antes de que comezara a xogar. Pero, a pesar de que estas críticas lle doeron e de estar nun estado pésimo de forma, Maradona xogou dous increíbles partidos ante Nixeria e Grecia. Só necesitaba que alguén confiara nel e así sucedeu. Co seu dez ás costas, cun brazal de

capitán e co apoio da inchada Maradona filmou dúas películas nas que el foi o protagonista. Recibía o balón, erguía a cabeza e daba un gol cando non o facía el. Pero a segunda película resultou ser un drama. O drama de Maradona que comezou no momento no que este recibiu a notificación de que estaba expulsado do mundial por consumo de heroína. O fútbol volvía a estar ferido de morte, pero esta vez Diego xa non tiña forzas para volver a erguerse e nada volveu a se-lo mesmo.

Maradona deixara marca nos arxentinos como nin Evita Perón ó fixera antes. Ou por facer un símil



futbolístico deixara moita máis marca que antes o fixera Di Stéfano.

A estrela de Maradona apagárase, pero inda brillaba nos corazóns dos arxentinos.

Por suposto Maradona xa fixera bastante para non ser esquecido no que quedaba de eternidade, pero devecía por volver ós campos, limpo de toda adicción de novo. E voltou á Bomboneira, onde todos pagaban a súa entrada para ver como saía de primeiro portando como un guerreiro o brazal que significaba que dirixiría ó equipo dos seus amores unha vez máis. Non eran poucos os que, deixando de comer por uns días, aforraban os suficientes cartos para acudir ó estadio e ver ó Dez máis grande de tódolos tempos; porque para

eles Diego non era un xogador, era un sentimento.

Pasaron dous anos e optou por retirarse. Aquela branca muller que coñecera en Italia inda tiña influencia sobre el. Pero ós arxentinos non lles importaba porque Maradona sempre acudía á Bomboneira inda que eles non o viran e animaba ó seu equipo con todo o seu corazón.

Diego nunca colgou as botas, nin tan sequera cando dixo este ano adeus ó fútbol definitivamente na súa homenaxe. Comezou o partido coa camiseta albi-celeste pero cando marcou o seu primeiro gol quitouna e quedou coa de Boca. Os seus dous grandes amores tamén estiveron na festa co seu pai, e tamén a súa verdadeira muller á que el tanto quere. Todos estiveron alí, porque sabían que todo o que significaba Maradona morrería esa tarde na Bomboneira. Ese xenio, ese talento, ese pé esquerdo máxico, ese regate e ese cambio de ritmo desconcertantes para calquera zagueiro, esa velocidade endiañada de pensamento e execución de accións sempre desequilibrantes, esa exquisita mestría no lanzamento de golpes francos. En resume, tódalas características do xogo de Maradona, que cando este as pon en práctica adquiren unha serie de connotacións que pola súa plasticidade e beleza bordean as fronteiras que separan o fútbol e a arte.


Gracias Deus por dar vida a Diego, ese personaxe miúdo que con esa triste figura esculpía poesía e versificaba goles. Gracias Deus, por poñerlle un guante branco no canto da perna esquerda. Gracias Deus, por facer que Diego se adicase á arte de pintar paixóns e de esculpir ilusións. Gracias Deus, por ensinarlle tanta poesía a Maradona e deixarlle que compuxera os versos máis fermosos que hai no libro do fútbol. Un libro que dende que Diego se retirou da poesía só ten páxinas en branco.

E, sobre todo, gracias Deus por ser arxentino.

*[Adicado a X.M.C., que lle daba a man a Maradona para que se erguese cada vez que este caía]*

## Sobre Nicolás Copérnico y su *De Revolutionibus*

El astrónomo polaco Nicolás Copérnico revolucionó la ciencia al plantear que la Tierra y otros planetas giran alrededor de un Sol inmóvil. Su teoría heliocéntrica fue desarrollada a principios del siglo XVI, pero fue publicada años más tarde en el *De Revolutionibus*, un ejemplar del cual (1566) se conserva en este instituto. Refutaba la teoría de Ptolomeo, popular en la época, que mantenía que el Sol y los planetas giraban alrededor de una Tierra fija. Tras encontrar una inicial incredulidad y rechazo, el sistema copernicano se convirtió en la descripción del Universo más ampliamente aceptada a finales del siglo XVII



El creador de la Astronomía moderna nació en Thorn (hoy Torun, Polonia central), el 19 de febrero de 1473, siendo el menor de cuatro hijos. Copérnico estudió en la escuela de los Hermanos de la Vida en Común, en Chelmo. Su tío materno, el obispo Ukasz Watzenrode, se ocupó de que recibiera una sólida educación en las mejores universidades. En el año 1491 comenzó a estudiar en la Universidad de Cracovia. Durante sus cuatro años de permanencia en dicha universidad, estudió en la Facultad de Artes Liberadas, cuyo programa podía considerarse básico para la enseñanza universitaria e incluía una sólida formación matemática. Es posible que también asistiese a las clases de Astronomía.

Toda la obra posterior de Copérnico nace orgánicamente de la tradición de la escuela cracoviana de astronomía. En 1495 Copérnico abandonó Cracovia para emprender viaje a Frombork, siendo nombrado canónigo del capítulo de Warmia. Su permanencia en Warmia fue no prolongada, ya que en 1496 dejó Polonia para estudiar Derecho en la célebre Escuela de Juristas de la Universidad de Bolonia, acompañado de su hermano mayor Andrés. Sus estudios allí se prolongarían hasta el año 1500. Durante su estancia en Bolonia, Copérnico estudió astronomía con el profesor Domenico María Novara. Es significativa la observación efectuada por Copérnico el 9 de marzo de 1497, probablemente en compañía de Novara, en la cual la Luna cubrió entonces a la estrella de primera magnitud Aldebarán, en la constelación de Tauro. Esta observación, que fue

aprovechada luego en su obra cumbre, demostró que el paralaje (\*) de la Luna, y en consecuencia su distancia de la Tierra durante los cuartos, no cambiaba con relación a la fase llena, contrariamente a lo previsto en el modelo de Ptolomeo (\*).

Después de una corta estancia en Roma (1500), Copérnico regresó a Polonia para solicitar al capítulo una autorización para seguir estudiando en Padua, famosa entonces por su escuela de Medicina, universidad donde dio clases Galileo (\*), casi un siglo después. Lo provechoso de su estancia en Padua fue sin duda su contacto con la filosofía y la filología humanistas. Allí conoció la lengua griega y profundizó en sus conocimientos de literatura clásica. Fue alrededor de esta época cuando comenzó la fase constructiva de la *Revolución Copernicana*, es decir, la búsqueda de soluciones geométricas que, aplicadas a la astronomía,



Cubierta del original conservado en Praga

cumpliesen con los postulados de homogeneidad y de armonía del Cosmos y librasen a esta ciencia de incoherencias como la del “ecuante” (véase \* Ptolomeo).

De regreso de Italia, Copérnico residió en el castillo de Lidzbark, sede del obispo de Warmia. En Lidzbark preparó sus *Fundamentos de Astronomía*, cuyo título original era: “*Nicolai Copernici de hypothesis motuum coelestium a se constitutis commentariolus*”, conocido mundialmente con el nombre de *Commentariolus*. Es un pequeño tratado donde se expone por primera vez la Teoría Heliocéntrica. No se conoce a ciencia cierta ni las circunstancias ni la fecha exacta en que surgió esta obra, el tratado no lleva fecha alguna. Sólo gracias a los estudios de L. A. Birkenmajer se pudo establecer con aproximación la época en la que apareció. Estos estudios permiten suponer que el *Commentariolus* fue redactado alrededor del año 1507. No estaba destinado a la imprenta, sino que circuló en unas pocas copias manuscritas (principalmente, si no exclusivamente) en Cracovia. El *Commentariolus* contiene al comienzo una referencia al “principio fundamental del movimiento absoluto”, es decir, del movimiento uniforme. La parte detallada del *Commentariolus* está desprovista de demostraciones matemáticas, destinadas a un tratado más extenso. Comienza con una descripción del sistema heliocéntrico, el primero en la historia de la ciencia con el ordenamiento de los planetas de acuerdo con su distancia al Sol. Esto le permitió a Copérnico comprobar la

The image shows two pages from a historical astronomical table book. The left page is titled 'MENSURA TABULA SUPERIORUM' and contains tables for the Sun, Moon, and planets. The right page is titled 'TABULA INFERIORUM' and contains tables for the zodiac signs and other celestial data. The tables are organized in columns and rows, with various numerical values and Latin/Greek text.

Tablas del libro conservado en el Otero Pedrayo

relación, hasta ese momento sólo cualitativa, entre la velocidad de movimiento de traslación del planeta y su distancia al Sol. Asimismo también fueron libradas del ecuante las órbitas de los planetas.

Hacia 1520 comenzó a escribir la obra cumbre de su vida, una amplia exposición de la astronomía heliocéntrica, continuando al mismo tiempo sus observaciones, cuyo método no se diferenciaba demasiado de los usados generalmente en la época, y en las cuales empleaba instrumentos tradicionales. Tres de ellos fueron descritos por él en el *De Revolutionibus*. Para medir las declinaciones empleaba el cuadrante solar y el instrumento paraláctico (para medir el paralaje), este último especialmente en las observaciones lunares. [Recordemos que el telescopio no sería inventado hasta finales del siglo XVII, divulgado por Galileo]. Un invento de Copérnico fue la *Tabla Solar*, ideada alrededor del año 1517 en el Castillo de Olsztyn (norte de Polonia), que se ha conservado parcialmente hasta hoy. En el medio centenar de observaciones que conocemos gracias al *De Revolutionibus* y a las pocas notas del astrónomo que se han conservado, no se observan formulaciones muy precisas. Es evidente, sin embargo, que todas las observaciones responden a un programa previamente establecido y a necesidades de orden teórico. Estas observaciones sirvieron de base, entre

otras, para estudiar la reforma del calendario eclesiástico en el V Concilio de Letrán (Roma, 1514).

En 1524 Copérnico escribió una crítica al *Tratado del Movimiento de la Octava Esfera*, escrito en 1522 por el astrónomo y matemático Juan Werner de Nuremberg. El tratado de Copérnico contra Werner, titulado *De octava sphaera*, pero más conocido como *Carta a Wapowski*, es, aparte del *Commentariolus* y del *De Revolutionibus*, el único texto astronómico debido a su pluma conservado hasta hoy. Este tratado no contiene ningún elemento de astronomía heliocéntrica y en él Copérnico critica severamente los errores metodológicos y astronómicos de la obra juzgada, absteniéndose, sin embargo, de presentar su propia teoría de la precesión (\*); se conformó con anunciar vagamente la preparación de la magna obra.

Alrededor del año 1530 ya era posible considerar concluido el manuscrito del *De Revolutionibus*, pero Copérnico no tenía intenciones de darlo a imprimir. Temía las críticas incompetentes.

En 1535, durante la visita de Bernard Wapowski a Frombork, accedió a publicar únicamente el almanaque que contenía la posición de los cuerpos celestes para un determinado período, calculado sobre la base de las tablas del *De Revolutionibus*. La muerte del promotor del proyecto en ese mismo año impidió llevar a cabo estos propósitos. El manuscrito con los

## Elementos más importantes de la génesis del descubrimiento de Copérnico

1. Calcular la duración del año trópico (\*), tarea que exigía una correcta y detallada teoría de la precesión sobre la cual habla Rheticus en su *Narratio prima*.
2. La contradicción con los principios fundamentales del movimiento uniforme mencionada ya en el *Commentariolus*.
3. El “sistema del Universo y el orden establecido de sus partes”, argumento de origen seguramente posterior, reforzado por la armonía que los movimientos de la Tierra introdujeron en la descripción del mundo.

cálculos de Copérnico se perdió.

En 1533 se habían discutido los descubrimientos de Copérnico en la corte papal y tres años más tarde Copérnico recibió una carta del cardenal Nicolás Schonberg, procurador general de la Orden de Santo Domingo, quien le proponía que publicara sus descubrimientos y prometía divulgarlos.

En 1539 llegó a Frombork el joven profesor de Wittenberg, Georg Joachim de Porris, más conocido como **Rheticus** (por haber nacido en la antigua Raetia), matemático y astrónomo, protegido de Melanchton (\*), que entonces contaba con 25 años. Había ido a Frombork a causa del interés que las noticias sobre Copérnico habían suscitado en Alemania. Pronto se convirtió en un entusiasta partidario de la nueva astronomía. El estímulo de tan fructífera visita hizo que el sabio retornara a su trabajo en el manuscrito de *De Revolutionibus*. Le ayudaron en ello los libros traducidos por Rheticus, particularmente la edición griega de la obra de Ptolomeo *Almagesto* (véase \* Ptolomeo), mucho más correcta que la traducción latina de la que disponía Copérnico, y la obra trigonométrica *De triangulis omnimodis* (1533), de Regiomontano (de nombre Juan Muller). Así, sus amigos, que se habían interesado en la nueva teoría, lo convencieron para que les escribiera al menos un resumen del cual se han encontrado manuscritos en Viena (1873) y Estocolmo (1878). Copérnico

modificó la disposición de su obra, dividiéndola en seis libros en lugar de los siete originalmente proyectados, y amplió el texto de los capítulos sobre trigonometría y astronomía esférica, así como también los pasajes dedicados a la fijación de las latitudes uranográficas (\*) de los planetas.


Estaba decidido a aceptar que se imprimiera su obra. Rheticus, después de conocer la teoría de Copérnico y el manuscrito del *De Revolutionibus*, elaboró un extenso resumen del libro, que fue editado en Gdansk (Danzig) en 1540 con el título de *De libris revolutionum Nicolai Copernici narratio prima*, más conocido simplemente como *Narratio prima*. Se trataba de una entusiasta descripción de los descubrimientos de Copérnico, redactada en forma de carta a Johan Schoner de Nuremberg, astrónomo y editor de muchas obras astronómicas y

astrológicas.

La aparente aceptación de la obra de Rheticus animó a Copérnico a dar a conocer públicamente sus teorías. La *Trigonometría* de Copérnico, junto con las obras análogas de Regiomontano y Werner, constituyen una importante aportación a la matemática de la época. En la primavera de 1542 Rheticus viajó a Nuremberg y en el taller de Johannes Petreius se comenzó a imprimir *De Revolutionibus* (no se sabe de cuántos ejemplares constó la tirada, pero debieron ser entre 400 y 500, de los que se conocen actualmente 260, cifra que indica la alta estima en que se tuvo la obra desde sus orígenes).

